

miércoles 6 de abril de 2016**BOPPO núm. 65**[ir a sumario BOPPO](#)[Traducción automática al idioma castellano](#)[Versión oficial firmada electrónicamente](#)

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CRECENTE

Ordenanzas e Regulementos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS FACULTATIVOS NAS OBRAS MUNICIPAIS

ADMINISTRACIÓN LOCAL

Ao non se ter presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial aprobatorio da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS FACULTATIVOS NAS OBRAS MUNICIPAIS cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeneral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e o artigo 17.3 do Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais APROBADO POR Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS FACULTATIVOS NAS OBRAS MUNICIPAIS

Art.º 1.—FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 20.1 b e 132 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, establécese a Taxa por prestación do servizo público consistente nos traballos facultativos de dirección e inspección de obras.

Art.º 2.—FEITO IMPOÑIBLE

Está constituído pola prestación do servizo público consistente nos traballos facultativos de dirección e inspección das obras que se realicen pola Corporación, ben se financien con medios propios, con subvencións, con achegas ou con operacións de crédito, sempre que os traballos sexan prestados polo persoal técnico da mesma.

Tamén están comprendidos dentro desta taxa os traballos facultativos indicados cando se presten en obras que non sendo a cargo da Corporación, sen embargo, sexa ésta a que contrate e satisfaga o seu importe ao adxudicatario.

Nestes supostos o presente servizo será de recepción obrigatoria para a adxudicación da obra.

Art.º 3.—SUXEITO PASIVO E RESPONSABLES

As persoas naturais ou xurídicas a quen se lles adxudique a obra pola que se prestan os traballos técnicos configurados na ordenanza.

Subsidiariamente estarán obrigadas ao pago as entidades solicitantes do servizo.

Art.º 4.—CUANTÍA

A cuantía calcularase sobre a base do importe da execución material das obras realizadas, ao prezo fixado na adxudicación, segundo as certificacións expedidas polos servizos técnicos, segundo as seguintes variantes:

A) O tipo básico será do 4% calculado segundo o párrafo anterior.

Art.º 5.—BASE IMPOÑIBLE

Constitúe a base imponible desta taxa, o importe do orzamento de execución material de obras, aplicando, no seu caso, o coeficiente de baixa, que se determina parcialmente en función do orzamento de execución material adxudicado de cada certificación de obra expedir.

Art.º 6 TIPO DE GRAVEMEN E COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria desta taxa será o resultado de aplicar sobre a base imponible, anteriormente definida, os seguintes tipos de gravame:

1.—cando o feito imponible consista na comprobación do reformulo, dirección, inspección e liquidación das obras, o tipo de gravame será dun 2%.

2.—cando o feito imponible consista na coordinación de seguridade e saúde durante a execución da obra, o tipo de gravame será dun 1%.

Artº. 7.—DEVEÑO

A obrigación do pago nace desde que se presta o servizo obxecto desta Ordenanza.

Artº. 8.—LIQUIDACIÓN E COBRO

Cando a prestación do servizo sexa de recepción obrigatoria por tratarse de obras adxudicadas pola Corporación:

O prezo liquidarase nas certificacións de obras que se expidan polos correspondentes directores técnicos das mesmas e o seu importe deducirase das ordes de pago correspondentes a tales certificacións.

No caso de que o saldo resultante fose a favor da Corporación notificaráselle con suxeción aos prazos e ao procedemento previsto no Regulamento Xeral de Recaudación. Podendo acudir non obstante á figura da compensación de débedas que recaerá sobre o propio contratista e/ou sobre a entidade solicitante do servizo.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno en sesión celebrada o día 29 de xaneiro do 2016, e entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, unha vez cumprido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Crecente, 30 de marzo de 2016.—O alcalde Julio C. García-Luengo Pérez.

[subir](#)

NOTA INFORMATIVA: El contenido de la versión HTML de este anuncio tiene carácter meramente informativo y está disponible en esta página para comodidad del ciudadano. El anuncio con validez legal es la versión PDF firmada electrónicamente.

[Descargar anuncio en pdf](#)



Copyright © 2016. Deputación de Pontevedra. Reservados todos los derechos | Aviso legal

Pazo Deputación Provincial, Avda. Montero Ríos, s/n - 36071 Pontevedra ES | +34 986 804 100 +34 986 804 124

